

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 9 DE DECEMBRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 09 de decembro do dous mil nove; á unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros:, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don. Ignacio Gómez Pérez - Non asisten Don Anxo Collarte Pérez e Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 30 de novembro de 2009 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

EXPEDIENTE 14/08/2009/5065-ON/208

“Visto o escrito de Don José Pérez González, onde solicita demolición de forjado.

Visto o informe do Aparellador Municipal de data 27 de novembro do 2008, no que se fan as seguintes consideracións:

1.Examinada la documentación técnica aportada tengo a bien informar favorablemente con las siguientes condiciones:

1.1 Los escombros se depositaran en vertedero autorizado.

1.2 Se deberán realizar los remates de los huecos que dan sobre la terraza a demoler, transformando los huecos de puertas en ventanas con su correspondiente antepecho reglamentario.

1.3 Se remataran los paños de la fachada lateral y con incidencia con la terraza objeto de demolición, reponiendo o manteniendo los materiales de características similares a los que componen las fachadas existentes.

1.4 Se cumplirán las medidas de seguridad ajustadas al riesgo de los trabajos.

1.5 Se protegerá la superficie de los espacios de dominio publico mediante chapas metálicas, para evitar roturas y desperfectos que de producirse deberán repararse.

1.6 El presupuesto de E.M. según proyecto, asciende a 1.103,79 €.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder licenza de obra para demolición de forjado a Don José Pérez González.

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *demolición de forjado.*

Contía na que se orzan as obras: 1.103,79. €

Situación e emprazamento das obras: Carrereira N-120 Vella, No. 54, SAMPAIO.

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: Don Juan Carlos González Loeda.

Nome ou razón social do promotor: **Don José Pérez González**

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 1.103,79 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de .42,00 euros. coincidentes coa cantidade xa aboada.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. Ademáis deberán terse en conta os seguintes condicionados:

1.1.Los escombros se depositaran en vertedero autorizado.

1.2.Se deberán realizar los remates de los huecos que dan sobre la terraza a demoler, transformando los huecos de puertas en ventanas con su correspondiente antepecho reglamentario.

1.3.Se remataran los paños de la fachada lateral y con incidencia con la terraza objeto de demolición, reponiendo o manteniendo los materiales de características similares a los que componen las fachadas existentes.

- 1.4. *Se cumprirán las medidas de seguridad ajustadas al riesgo de los trabajos.*
- 1.5. *Se protegerá la superficie de los espacios de dominio publico mediante chapas metálicas, para evitar roturas y desperfectos que de producirse deberán repararse.*
- 1.6. *El presupuesto de E.M. según proyecto, asciende a 1.103,79 €.*

Condicions técnicas: Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debendo axustarse ás condicións antes sinaladas.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

1º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Alfonso Lorenzo González** con domicilio a efectos de notificación en rúa Salgado Mocosó, No. 3 (Gestoría Valeiras), na localidade de Ribadavia, con número de rexistro de entrada No. 6980. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 26.11.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na “Brinca” Carreiteira de Carballeda, Marxen Dereita., na localidade da Franqueirán (R.C. 32070A009005040000YU) a solicitude de don Alfonso Lorenzo González, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Alfonso Lorenzo González** con domicilio a efectos de notificación en rúa Salgado Mocosó, No. 3 (Gestoría Valeiras), na localidade de Ribadavia, con número de rexistro de entrada No. 6979. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 26.11.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Carreiteira de Carballeda, na localidade da Franqueirán (R.C. 001600200NG78C0001GR) a solicitude de don Alfonso Lorenzo González, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

3º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Alfonso Lorenzo González** con domicilio a efectos de notificación en rúa Salgado Mocosó, No. 3 (Gestoría Valeiras), na localidade de Ribadavia, con número de rexistro de entrada No. 6978. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 26.11.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na “Carballos”, Carreteira de Carballeda, na localidade da Franqueirán (R.C. 32070A008002430000YH) a solicitude de don Alfonso Lorenzo González, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

4.-Solicitude de Don Vicente Gándara Veloso con No. RE 3146 de data 26/06/2007, relativa a cambio de titulariedade da sepultura nº 212-T ao seu nome, como consecuencia da morte da súa irmá Dona Luisa Gandara Veloso.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade autorizar o cambio da titulariedade da sepultura nº 212-T a favor de Don Vicente Gándara Veloso que a partir de este momento será responsable do pago destes recibos que se deriven desta ocupación de dominio público sen que en ningún caso esta autorización implique un dereito de propiedade.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

1.- Escrito do Xulgado do Contencioso e Administrativo No. 2 de Ourense, de data 4 de decembro do 2009, No. R.E. 7440, mediante o que se convoca ás partes intervintes a unha vista que se celebrará o 7 de abril do 2010, ás dez da mañá na Sala de Audiencias do Xulgado.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda nomear como abogado no procedemento abreviado No. 422/2009, con Número de Identificación Único 32054 45 3 2007 0000095, a Don Ángel Pazos Huete.

2.- Comunicación do INE de data 30 de novembro do 2009, No. R.E. 7346, relativo á revisión e actualización da planimetría municipal.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1.CONFORMIDADE OBRA PLAN FEIL

A Xunta de Goberno Local *“de conformidad con la resolución de nueve de diciembre de 2008, sobre justificación de los recursos librados con cargo al Fondo Estatal de Inversión Local, manifiesta su conformidad respecto de la ejecución de la obra “Pavimentación calle Bajada al Ayuntamiento y reposición del pavimento en calle Oliveira”, al haber sido realizada la misma de acuerdo con lo previsto en el pliego de cláusulas administrativas particulares y contrato firmado entre las partes.”*

2.APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Dase conta por parte do Sr. Alcalde da memoria valorada denominada *“ Actuación para melloras do espazo público en rúas varias en Ribadavia”* redactado polas Arquitectos da Oficina de Rehabilitación do casco Histórico de Ribadavia Dona Mercedes Álvarez López, Dona Begoña Arreguir Rodríguez e dona Paula Alfonso Laya, con un presuposto de

execucion material de 31.859,39 € e cun total de presuposto de execucion de contrata de 37.954,57 €

No expediente constan os seguintes documentos:

1º.- Xustificación da memoria urbanística vixente por parte da Arquitecto Directora Dona Mercedes Álvarez López.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros, acorda a aprobación da memoria valorada: “*Actuación para mellora do espazo público en rúas varias en Ribadavia*”, redactado polas Arquitectos municipais Dona Mercedes Álvarez López, Dona Begoña Arreguir Rodríguez e dona Paula Alfonso Laya, con un presuposto de execucion material de 31.894,59 € e cun total de presuposto de execucion de contrata de 37.954,57 €

3.CONTRATO MENOR DE OBRAS

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Sr. Alcalde relativa a adxudicación da obra “ *Actuación para melloras do espazo público en rúas varias en Ribadavia*” á empresa Construcciones Hermanos Carrajo, S.A. por importe de 44.027,30€
No expediente constan os seguinte elementos:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar de conformidade co art. 49 da Lei 30/2007.
- Acreditación da capacidade xurídica de acordo co art. 43 da Lei 30/2007.
- Acreditación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- Consta informe de Intervención de data 30.11.09 no que se conclúe o seguinte:

INFORME

PRIMERO.- El expediente que se propone para su aprobación versa sobre la autorización de un gasto, por un importe total de 177.000 euros cuyo objeto es financiar la obra referenciada en el epígrafe.

SEGUNDO.- Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2009 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 751.60100 (CE.02.2009), existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto de contratación.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, con las salvedades se informa favorablemente.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do contrato de obra menor denominado “ *Actuación para melloras do espazo público en rúas varias en Ribadavia*” á empresa Construcciones Hermanos Carrajo, S.A, autorizando un gasto polo importe de 44.027,30 euros, que deberá executar as obras de conformidade coa memoria aprobada.

4.-ADJUDICACION PROVISIONAL DA OBRA DENOMINADA “RECUPERACIÓN DO TRAMO DA MURALLA EN EXTRAMUROS E ELIMINACIÓN DA COLONIA BIOLÓXICA DO CASTELO DOS SARMIENTO”

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade a obra “*RECUPERACIÓN DO TRAMO DA MURALLA EN EXTRAMUROS E ELIMINACIÓN DA COLONIA BIOLÓXICA DO CASTELO DOS SARMIENTO*”, segundo proxecto redactado pola arquitecta Dona María Jesús Blanco Piñeiro, e polo Arquitecto don Miguel Angel Salve.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados o luns, dous de novembro do 2009, mediante a fórmula de procedemento negociado sen publicidade e presentando oferta as seguintes empresas: TUCONSA, S.A., RESCONSA, S.A e NEOR, S.A.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura das mesmas mediante constitución de Mesa de Contratación celebrada o nove de decembro do 2009 da que se desprende o seguinte:

Procédese a comprobar a documentación contida no sobre A das empresas presentadas que son: TUCONSA, S.A., RESCONSA, S.A. e NEOR, S.A., comprobando que esta última cumpre cos requisitos previstos na cláusula nº11 do Prego de cláusulas administrativas particulares e excluíndose o resto das empresas dado que as mesmas deciden non presentarse a licitación.

Posteriormente procédese a apertura do sobre B da empresa NEOR, S.A., comprobándose que presenta as seguintes características na súa oferta: Presenta unha oferta económica por importe de 177.000,00€, e ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo previsto no prego por un prazo de tres meses, de xeito que se cumpren as previsións mínimas do prego.

Comprobada a documentación esixible nos sobres A e B de documentación administrativa e técnica mesa de contratación propón a Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato da obra “Recuperación de tramo de muralla en Extramuros e eliminación da colonia biolóxica no Castelo dos Sarmiento” á empresa NEOR, S.A., por ser a que presenta oferta máis ventaxosa de conformidade cos criterios previstos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade os seguintes acordos:

1-Adxudicar provisionalmente a obra denominada“*RECUPERACIÓN DO TRAMO DA MURALLA EN EXTRAMUROS E ELIMINACIÓN DA COLONIA BIOLÓXICA DO CASTELO DOS SARMIENTO*”, a empresa NEOR, S.A., con domicilio na rúa Laureles, No. 9, Baixo, C.P. 15704 – Santiago de Compostela. O adxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 7.629,31€na tesourería municipal, en calqueira das formas admitidas en dereito, no prazo de 5 días hábiles a partir da recepción do acordo. Así mesmo deberá presentar a acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social.

2-A formalización do contrato, realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr Alcalde para a sinatura do mesmo.

3- Antes do inicio das obras deberá presentarse a acta de comprobación de replanteo ademáis de aprobarse o Plan de Seguridade e Saúde.

5.-APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Vista a tramitación do proxecto denominado “OU/0303 Valdepereira –Maside”, a Deputación Provincial de Ourense con data de 3 de decembro do 2009, No. R.E. 7412, remite o citado proxecto para aprobación e posta a disposición dos terreos afectados para a realización da obra.

O Secretario informa de que antes da posta da disposición dos terreos será necesario a comprobación deste extremo mediante o mecanismo xurídico que corresponda, para evitar posibles problemas posteriores sobre a titularidade das fincas.

Deliberado sobre o particular, a Xunta de Goberno Local acorda en relación coa contratación da obra “OU /0303 Valdepereira – Maside”, que os terreos necesarios para a execución das obras están libres poñendo a disposición da Deputación os mesmos e procedendo á aprobación do proxecto denominado “OU/0303 Valdepereira – Maside”.

5.PETICION DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as bases reguladoras da convocatoria pública de concurso público para a concesión de subvencións a Concello para a organización de actividades deportivas 2010 aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense de data 27 de novembro de 2009, publicadas no BOP nº 278, de 3 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención.

Segundo:- Prestar aprobación o proxecto para o que se solicita a subvención de acordo coa memoria obrante no expediente e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Deputación Provincial de Ourense.”

6.AXUDAS E SUBVENCIONS AS COMISIONS DE FESTAS TRADICIONAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prorrogar o prazo para a presentación de peticións para axudas e subvencións das festas tradicionais, rematando o mesmo o día 31 de decembro de 2009.-

As solicitudes peresentarse nos modelos que o propio Concello facilitará dentro do prazo conferido o efecto, debendo aportar a documentación regulado na base 10ª.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO